

Asunto: solicitude de modificación das bases para a contratación de persoal técnico de normalización lingüística no Concello de Val do Dubra

Anxos Sobriño Pérez, como presidenta da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), asociación que ten entre os seus fins defender a dignidade das condicións de traballo do persoal técnico de normalización lingüística, con CIF G-15542897, enderezo postal no apartado de correos 170 de Santiago de Compostela (CP 15702), enderezo electrónico info@ctnl.gal e teléfono de contacto 629 571 950,

EXPOÑO:

No *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* do 20 de xuño de 2022 o Concello de Val do Dubra publicou as **bases e a convocatoria dunha praza de técnico/a de normalización lingüística** (denominada máis concretamente “técnico/a de normalización lingüística e apoio á Secretaría”) como persoal interino/a.

A CTNL, como entidade que agrupa os/as traballadores/as de normalización da lingua, quere expresar as seguintes consideracións:

1. En primeiro lugar, felicitamos o Concello de Val do Dubra por esta convocatoria e por retomar o servizo de normalización lingüística na entidade local.
2. Unha vez sinalado isto, temos que indicar que, verbo das características da praza que se anuncia nas devanditas bases, detectamos un aspecto que cumpriría modificar:

A praza convócase dentro do **grupo A, subgrupo A2**. No entanto, os requisitos de titulación son: **licenciatura** en Filoloxía Galego-Portuguesa, Filoloxía Galega ou Filoloxía Hispánica (subsección Galego-Portugués), **grao** en Lingua Galega, ou **calquera outra licenciatura ou grao** pertencentes á área de Humanidades ou de Ciencias Xurídicas e



Sociais, sempre que se dispoña do Celga 5, é dicir, **titulacións correspondentes a un posto do grupo A, subgrupo A1.**

As **funcións** dun servizo de normalización lingüística dunha entidade local veñen especificadas nas **ordres de axudas de subvencións para a creación e mantemento de servizos de normalización lingüística (SNL)** que convocan a Xunta de Galicia (a última no DOG do 30 de marzo de 2022: <https://i.gal/OAolB>) e a Deputación Provincial da Coruña (a máis recente foi publicada no BOP da Coruña do 28 de decembro de 2021: <https://i.gal/Ww2Py>). Estas dúas ordes recollen en esencia a mesma relación de funcións:

a) Funcións internas:

1º. *Asesorar a Administración en todo o relacionado coa promoción da lingua galega.*

2º. *Colaborar coa Administración para determinar os perfís lingüísticos necesarios para cada un dos postos de traballo e colaborar nas probas e procesos selectivos para que se avalíen convenientemente os coñecementos lingüísticos dos/das aspirantes.*

b) Funcións de dinamización lingüística:

1º. *Planificar, xestionar, executar e avaliar accións en prol da lingua galega no ámbito de influencia da entidade.*

2º. *Fomentar o uso do galego no ámbito socioeconómico e, en xeral, en todos os sectores de importancia para a súa repercusión social.*

3º. *Promover e coordinar redes de traballo para o fomento do uso do galego no ámbito asociativo, educativo e empresarial, no ámbito local.*

4º. *Planificar e propoñer programas dinamizadores e actividades concretas que conciencien a sociedade respecto do uso da lingua galega.*



c) Funcións de formación sociolingüística:

1º. *Planificar, xestionar, coordinar e difundir a realización de cursos de lingua galega, xerais e específicos, para a poboación en xeral ou para sectores concretos.*

2º. *Impartir cursos de formación en lingua galega, de acordo coa programación de cada entidade local.*

3º. *Difundir entre a cidadanía materiais que contribúan á tarefa de promover a extensión do uso do galego: dereitos lingüísticos, lexislación e recursos lingüísticos.*

4º. *Colaborar no deseño de programas de formación para garantir a presenza do galego e de contidos favorables á mellora de actitudes lingüísticas no ámbito local.*

5º. *Mellorar a calidade lingüística e comunicativa da Administración.*

6º. *Definir e propoñer criterios lingüísticos para a organización.*

7º. *Resolver dúbidas lingüísticas.*

8º. *Elaborar e recomendar materiais específicos, atendendo ás necesidades dos departamentos.*

Son, por tanto, **funcións asumidas de forma xeral polas entidades locais e polo Goberno autonómico.**

Debido aos coñecementos e capacidades necesarias para levar a cabo as anteriores **funcións**, as prazas de técnico/a de normalización lingüística deben estar equiparadas ao **subgrupo A1 da función pública**, e non ao subgrupo A2. Tamén as citadas convocatorias de axudas da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial da Coruña establecen que **o perfil profesional da persoa responsable do servizo debe encadrarse no grupo I de cotización do réxime xeral da Seguridade Social.**



ctnl
Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua

Coordinadora de Traballadores/as de
Normalización da Lingua (CTNL)
CIF: G-15542897
Apdo. 170 Santiago de Compostela
Tfno.: 629 571 950
info@ctnl.gal / www.ctnl.gal

En consecuencia, SOLICITO:

Que se modifiquen as bases para a convocatoria dunha praza de técnico/a de normalización lingüística e se equipare esta ao **subgrupo A1 da función pública**.

Pontevedra, 30 de xuño de 2022